

MEDIDAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE PRESENCIAL EN XANEIRO DE 2022 NUN CONTEXTO DE ALTA CIRCULACIÓN DO VIRUS SARSS-CoV-2

→ Actuacións para reforzar as medidas de prevención da COVID-19:

Reforzar a implementación e o cumprimento das medidas clave de prevención en centros educativos xa presentes no curso 2021-22:

- Non acudir ao centro educativo nos seguintes casos:
 - Con síntomas compatibles coa COVID.
 - Con diagnóstico de COVID.
 - Con indicación de corentena.
- Asegurar a ventilación natural permanente e cruzada e priorizar as actividades ao aire libre.
- Usar correctamente a máscara.
- Realizar unha axeitada hixiene de mans.

→ Actuacións ante sospeita de casos de COVID-19:

O alumnado, profesorado ou outro persoal do centro educativo que presente síntomas respiratorios compatibles coa COVID-19, independentemente do seu estado de vacinación, non deberá acudir ao centro educativo ata que teña un resultado negativo dunha proba diagnóstica. En caso de que non fora posible a realización da proba diagnóstica deberá esperar que remate o período de illamento mínimo de 7 días contados dende o inicio dos síntomas e sempre que transcorran 3 días dende o fin dos síntomas.

Tras o período de illamento e ata os 10 días posteriores ao inicio dos síntomas, as persoas sospeitosas deberán extremar as precaucións e ter en conta as seguintes consideracións:

- Reducir as interaccións sociais ás mínimas imprescindibles.
- Usar de xeito constante a máscara de acordo á lexislación vixente.
- Evitar o contacto con persoas vulnerables.

→ **Actuacións ante casos confirmados de COVID-19:**

Os positivos COVID deberán facer un illamento mínimo de 7 días contados dende o inicio dos síntomas ou a toma da mostra para facer o diagnóstico nos casos asintomáticos. Incorporaranse sempre que transcorran 3 días dende o fin dos síntomas respectando, sempre, os 7 días mínimos establecidos.

Tras o período de illamento e ata os 10 días posteriores ao inicio dos síntomas ou a data de diagnóstico nos casos asintomáticos, as persoas positivas deberán extremar as precaucións e ter en conta as seguintes consideracións:

- Reducir as interaccións sociais ás mínimas imprescindibles.
- Usar de xeito constante a máscara de acordo á lexislación vixente.
- Evitar o contacto con persoas vulnerables.

→ **Actuacións ante a aparición de casos esporádicos nun aula: 4 casos confirmados ou menos, ou a afectación de menos do 20% do alumnado da aula nun período igual ou inferior a 7 días:**

Os casos confirmados e as persoas con síntomas compatibles tampouco deberán acudir ao centro educativo tal e como se indica nos apartados anteriores.

Ante a aparición dun primeiro caso nunha aula e ata un total de 4, **o profesorado e o alumnado con independencia da etapa educativa e con independencia da súa pauta de vacinación, non realizarán corentena (agás as persoas con inmunosupresión)**, e seguirán as indicacións de corentena que se propoñen para a poboación xeral de acordo á Adaptación de la Estrategia de detección precoz, vigilancia y control publicada o día 30 de decembro de 2021.

Únicamente realizarase proba diagnóstica aos contactos estreitos vulnerables ou que vivan en contornas vulnerables.

Os responsables COVID dos centros educativos, informarán ao profesorado e ás familias do alumnado dunha aula, onde se detectou un caso confirmado, da situación e **indicaráselles o seguinte:**

- **Deberán durante os 10 días posteriores ao último contacto extremar as precaucións e reducir todo o posible as interaccións sociais utilizando de forma constante a máscara. Débese evitar o contacto coas persoas vulnerables.**
- **Ante a aparición de síntomas compatibles non poderán acudir ao centro e deberán contactar co centro de saúde.**

→ **Actuacións ante agrupacións de 5 casos confirmados ou máis de COVID ou afectación do 20% ou máis do alumnado dunha aula nun período igual ou inferior a 7 días:**

Realizarase un estudo do brote para establecer un período de corentena, se procede, ás persoas sen a pauta de vacinación completa e ás persoas con inmunosupresión. Polo tanto en todos os niveis educativos seguiranse as indicacións de corentena que se propoñen para a poboación xeral de acordo a la Adaptación de la Estrategia de detección precoz, vigilancia y control publicada o día 30 de decembro de 2021.

Tras o período de corentena, cando proceda, e ata os 10 días posteriores ao último día de contacto co caso, deberán extremarse as medidas de precaución (utilizar a máscara, limitación do número de contactos sociais...). Únicamente realizarase proba diagnóstica aos contactos estreitos vulnerables ou que vivan en contornas vulnerables.

Si se considera que se está producindo unha transmisión non controlada nun centro educativo, o servizo de saúde realizará unha avaliación de risco para analizar a necesidade de escalar as medidas, valorando en última instancia, o peche temporal do centro educativo. Os mesmos criterios aplicaranse ás actividades extraescolares que se realizan nos centros educativos.